

Nome da parroquia: Almofrei (San Lourenzo)**Código: 02***Delimitación:*

Situada no suroeste do concello, a parroquia de Almofrei limita ao norte e ao oeste con San Pedro de Tenorio, ao leste coa parroquia de San Martiño de Borela e ao sur cos concellos de A Lama e Pontevedra.

Estrutura territorial

Esta parroquia ten un tamaño pequeno, a de menor tamaño do concello, e forma de triángulo rectángulo coa base cara o sur.

En canto á topografía, sempre en pendente e baixando de cota cara o suroeste, ven marcada pola irregularidade, con constantes subidas e baixadas de cota, onde non atopamos zonas horizontais de gran extensión, e polo paso do río Almofrei, dos máis importantes do concello de Cotobade. As zonas con menor pendente sitúanse entre os núcleos rurais de As Cachopeiras e A Xesteira, cara o norte da parroquia. En canto ás zonas, máis altas de Almofrei están situadas cara o nordeste, onde destaca o Coto dos Porcos, que supera os 450 metros de altitude, a meirande de toda a parroquia, e tamén cara o leste, onde atopamos o Monte Sabanda que alcanza cotas superiores aos 380 metros. No resto da parroquia non atopamos elevacións de gran relevancia. Cara o suroeste, si cabe destacar as zonas máis baixas de Almofrei e de todo o concello de Cotobade, coincidindo co curso do río Almofrei e no límite co concello de Pontevedra, que baixan dos 100 metros de altitude.

O xa mencionado río Almofrei e o rego das Longuiñas son os cursos de auga máis relevantes de San Lourenzo. O Almofrei, que nace na parroquia de Santiago de Caroi, no este do concello, entra na parroquia polo nordeste e corre en diagonal nordeste suroeste ara que sae cara o concello de Pontevedra, facendo de límite entre ambos concellos no seu percorrido. O segundo, o rego das Longuiñas, nace ao pé do lugar de As Cachopeiras e vai cara o sur ata desembocar no río Almofrei.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de San Lourenzo de Almofrei está composta por nove núcleos recoñecidos, asentados en dúas zonas, na parte nordeste da parroquia, onde están o lugares de As Cachopeiras e A Xesteira, e cara o suroeste onde se sitúan os demais. Están comunicados principalmente pola estrada PO-233. Esta vía, ampla e co firme en moi bo estado, recorre a parroquia de este a oeste cruzando varios núcleos como a Xesteira ou As Cachopeiras. Desta estrada parten pequenos camiños, estreitos e cun piso antigo en xeral, que comunican cos lugares máis afastados.

Se nos fixamos no tamaño e o número de vivendas dos núcleos tradicionais podemos dicir que son maioría os lugares pequenos ou moi pequenos como é o caso dos núcleos de Os Agriños, A Arrotea, As Cachopeiras, A Costa do Outeiro, A Fontenova, A Grosa e Outeiro Redondo, sendo o máis pequeno o lugar de A Pombeira formado soamente por dúas vivendas tradicionais. De maior tamaño é núcleo de A Xesteira, o meirande da parroquia, que pode considerar de tamaño medio.

En canto á súa organización, podemos distinguir dous modelos: un primeiro que se asenta sobre un camiño que se adapta á topografía evitando as grandes pendentes e dá como resultado un núcleo alongado e, en xeral, pouco compacto, e un segundo modelo de forma circular ou similar e que soe

posuír un elemento central, que pode ser un espazo ou simplemente un cruzamento, sendo as máis das veces lugares compactos e cos límites claros. Exemplos do primeiro serían os lugares de Os Agriños, As Cachopeiras, A Costa do Outeiro, A Fontenova e A Grosa, e do segundo serían, aínda que con matices, A Arrotea e A Xesteira. Os demais núcleos son variantes ou mesturas dos dous modelos.

Obsérvanse dúas formas de crecemento dos núcleos: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas vadeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.

Esta parroquia experimentou un crecemento moderado en xeral e importante en varios lugares, en canto a número de vivendas. As zonas da parroquia nas que se construíu un maior número aparecen ao pé da estrada PO-233, no lugar de A Xesteira. Lugares que incrementaron o número de vivendas aínda que non vinculadas á estrada PO-233 serían A Arrotea onde se construíron un total de doce vivendas ou en Outeiro Redondo onde o número aumentou en oito.

A maior parte das vivendas novas construídas nesta parroquia non están ligadas ao desenvolvemento de actividades agro-gandeiras, senón que teñen unha función estritamente residencial.

O parcelario de Almofrei soe ser de pequeno ou medio tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal.

Clasificación dos núcleos

Segundo a súa estrutura e morfoloxía, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, ten a clasificación de **núcleo rural histórico-tradicional** o lugar de As Cachopeiras. Teñen a clasificación de **núcleo rural común** os lugares de Os Agriños, A Arrotea, A Costa do Outeiro, A Fontenova, A Grosa, Outeiro Redondo e A Pombeira. Por último, ten a clasificación de **núcleo rural complexo** o lugar de A Xesteira.


Tipoloxía dos edificios


Se falamos da edificación tradicional, dicir que son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:

- O primeiro, e probablemente máis antigo, ten pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos.
- O segundo tipo, e máis frecuente, ten planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentaban as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda.

Como arquitecturas singulares podemos citar o conxunto da igrexa parroquial de San Lourenzo cos tres cruceiros e os muiños e a Ponte Almofrei no lugar de A Arrotea.


As vivendas de nova construción varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.





codificación

 vivenda tradicional	 alpendre tradicional	 equipamento	 hórreo moderno	 granxa
 vivenda moderna	 alpendre moderno	 hórreo tradicional	 nave industrial / terciario	



oau plan xeral de ordenación municipal
oficina de arquitectura urbanismo y planificación
documentación complementaria do documento de inlcio

modelo de asentamento poboacional
Almafreí (San Lourenzo)

M-1.02(a)

novembro 2010

0 25 50 75 100 125 150 175 200

escala: 1/5.000



Concello de Cotobade

[Signature]

[Signature]

NÚCLEO	O AGRIÑOS		NÚMERO	02.01	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no centro da parroquia.				
	Topografía	Predominio das pendentes fortes e a orientación noroeste.				
	Poboación	Sen datos				
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.				
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-233.					
	Estado: Acceso de tamaño pequeno e estreito e co asfalto antigo e que comeza a fallar. Vías interiores estreitas con asfalto antigo.					
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moderada aínda que variable coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.					
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao longo dun camiño e formado por cinco vivendas tradicionais, unha independente e catro en parellas. A edificación e as construcións auxiliares, algunha con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si conformando un lugar alongado, disperso e con límites difusos.				
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas valeiras con vivenda e construcións auxiliares novas.				
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. Hai unha vivenda nova de planta rectangular, baixo e un andar, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.					
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter un ou dous claros apoiados sobre cepas, os frontais e os costais de pedra, cuberta a dúas augas con tella, acceso á cámara por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.					
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	6	5	1	-	17	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeadado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación				SUP: m ²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM						

NÚCLEO	O AGRIÑOS	NÚMERO	02.01	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
--------	-----------	--------	-------	-----------	-------------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Os Agriños, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.



Fotografía aérea de Os Agriños.

NÚCLEO		A ARROTEA		NÚMERO	02.02	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no centro da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación oeste.					
	Poboación	36					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-233.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno e estreito e co asfalto antigo e que comeza a fallar. Vías interiores amplas en xeral con asfalto antigo.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moderada aínda que variable coas construcións próximas aos camiños nas vivendas tradicionais e máis separadas no caso das vivendas novas e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao redor da igrexa parroquial, ao longo de varios camiños e formado por sete vivendas tradicionais. A edificación e as construcións auxiliares, algunha con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e separadas entre si conformando un lugar moi disperso e con límites difusos.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas valeiras, xa sexa non núcleo ou na periferia, con vivendas e construcións auxiliares novas. É meirande o núcleo recente que o tradicional e está formado por trece vivendas novas situadas entre as tradicionais, oito delas formando unha urbanización ao pé da igrexa polo norte.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. As vivendas novas soen ter planta rectangular con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter un ou dous claros apoiados sobre cepas, os frontais e os costais de pedra, cuberta a dúas augas con lousa de pedra, acceso á cámara por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda total
	20		7		13	-	37
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo		Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si		si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					Ref.
		Igrexa parroquial de San Lourenzo de Almofrei e Casa da obra					
		Parque infantil					
		Campo da festa					
		Cemiterio					
		Casa escola de Almofrei					
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Cruceiros (3) da igrexa parroquial de San Lourenzo de Almofrei					
		Igrexa parroquial de San Lourenzo de Almofrei					
		Muíños en Arrotea					

NÚCLEO	A ARROTEA	NÚMERO	02.02	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
--------	-----------	--------	-------	-----------	-------------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Arrotea, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.



Fotografía aérea de A Arrotea.

NÚCLEO		OS CACHOPEIRAS		NÚMERO	02.03	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no centro cara o norte da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas, e a orientación sueste.					
	Poboación	29					
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-233.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno-mediano e co asfalto en bo estado. Vías interiores estreitas en xeral con asfalto antigo.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios dous: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é media, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por oito vivendas tradicionais en dous grupos de catro relativamente separados e asentado ao pé dun camiño que os une. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e relativamente separadas unhas das outras, dando lugar a un asentamento compacto disperso, pero cos límites claros.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas vadeiras, xa sexa non núcleo ou na periferia, con vivendas e construcións auxiliares novas. Hai máis vivendas de nova construción que tradicionais estando situadas principalmente no camiño que vai ao lugar de A Xesteira e nun camiño que vai cara o leste.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas soen ter planta cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais e os costais de pedra, cuberta a dúas augas con tella ou lousa de pedra e colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	21	8	13	-	50		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref:	Denominación:					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	OS CACHOPEIRAS	NÚMERO	02.03	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LORENZO)
--------	----------------	--------	-------	-----------	------------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de As Cachopeiras, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.



Fotografía aérea de As Cachopeiras.

NÚCLEO		A COSTA DO OUTEIRO		NÚMERO	02.04	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no suroeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas, e as orientacións sur e oeste.					
	Poboación	Sen datos					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa estrada PO-233.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno e co asfalto antigo. Vías interiores estreitas con asfalto en bo estado en xeral e con zonas sen pavimentar.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é alta coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño pequeno formado por seis vivendas tradicionais e organizado en torno a un cruzamento de camiños. A edificación e as construcións auxiliares, sitúanse á beira dos camiños,principalmente no cuadrante suroeste do cruzamento, e preto unhas das outras, formando un núcleo bastante compacto, pero cos límites difusos.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas valeiras no núcleo con vivendas e construcións auxiliares novas. Hai un total de tres vivendas novas situadas entre as casas tradicionais ao longo de todo o lugar.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor aparece o hórreo. - O segundo, e máis habitual, de planta rectangular, ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres son de pedra e madeira, a cuberta con tella e situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, os frontais e os costais de pedra e a cuberta a dúas augas con tella, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	7	5	2	-	25		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación				SUP: m²	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	A COSTA DO OUTEIRO	NÚMERO	02.04	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
--------	--------------------	--------	-------	-----------	-------------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Costa do Outeiro, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.



Fotografía aérea de A Costa do Outeiro.

NÚCLEO		A FONTENOVA		NÚMERO	02.05	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no suroeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas, puntualmente fortes, e a orientación sur.					
	Poboación	78					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN		Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-233. Estado: Acceso de tamaño pequeno e co asfalto antigo. Vías interiores estreitas con asfalto en bo estado en xeral.					
ESTRUTURA DE PARCELA		En xeral parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é alta, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.					
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por trece vivendas tradicionais asentadas ao pé dun camiño principal que dá acceso a gran parte delas e varios ramais que dan soporte ás demais. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e preto unhas das outras, dando lugar a un asentamento bastante compacto, aínda que cos límites difusos.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas vadeiras ao longo do núcleo con vivendas e construcións auxiliares novas. Neste lugar hai construídas tres vivendas novas.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN		Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. As vivendas novas soen ter planta cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.					
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN		Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais e os costais de pedra, cuberta a dúas augas con tella e colocados nos arredores da vivenda, acceso á cámara por un frontal e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.					
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	19	15	4	-	50		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	si	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref:	Denominación:				SUP: m ²	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Fonte de A Fontenova					

NÚCLEO	A FONTENOVA	NÚMERO	02.05	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
--------	-------------	--------	-------	-----------	-------------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Fontenova, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.




Fotografía aérea de A Fontenova.

NÚCLEO		A GROSA		NÚMERO	02.06	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no suroeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, puntualmente moderadas e a orientación sur.					
	Poboación	64					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-233.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno e co asfalto antigo. Vías interiores estreitas con asfalto ou formigón en xeral antigo e tramos con fochas.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é alta, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño pequeno formado por un lugar principal alongado e un rueiro cara o sur con dúas vivendas illadas. O asentamento está organizado seguindo un camiño que se adapta á topografía evitando as fortes pendentes e no que a edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, bastante próximas entre si e incluso formando medianiles, dando como resultado un núcleo alongado, relativamente compacto, pero cos límites difusos.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas. Hai un total de oito vivendas novas situadas principalmente entre as casas tradicionais ao longo de todo o lugar.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor aparecen alpendres, que poden compartir a cuberta coa vivenda, pozos e hórreos. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. As vivendas novas soen ter planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación variable. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	15		9		6	-	43
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	si	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Casa reitoral de San Lourenzo de Almofrei					
		Muro do corredor					

NÚCLEO	A GROSA	NÚMERO	02.06	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
--------	---------	--------	-------	-----------	-------------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Grosa, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.



Fotografía aérea de A Grosa.

NÚCLEO		OUTEIRO REDONDO		NÚMERO	02.07	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no suroeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas, e as orientacións oeste.					
	Poboación	Sen datos					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-233.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno e co asfalto antigo. Vías interiores estreitas con tramos amplos e con asfalto nun estado moi bo.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é moderada, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño no que só se conservan dúas vivendas tradicionais e organizado en torno a outeiro ao que chegan varios camiños no que as vivendas e construcións auxiliares, unha delas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e separadas unhas das outras conformando un núcleo pouco compacto.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas. Hai un maior número de vivendas novas que tradicionais, oito en total, asentadas na estrada principal de acceso e que rodea ao lugar.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra do país, planta rectangular, desenvolvemento vertical relevante, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Unha das vivendas tradicionais está en uso. As vivendas novas teñen planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos actuais e materiais. Hai varias vivendas con perpiaño de granito en fachada.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres, son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais e os costais de pedra, cuberta a dúas augas con tella ou lousa de pedra e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	12	4	8	-	32		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	si	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m ²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	OUTEIRO REDONDO	NÚMERO	02.07	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LORENZO)
--------	-----------------	--------	-------	-----------	------------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Outeiro Redondo, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.



Fotografía aérea de Outeiro Redondo.

NÚCLEO		A POMBEIRA		NÚMERO	02.08	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no suroeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación oeste.					
	Poboación	Sen datos					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-233.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno e co asfalto antigo. Vías interiores estreitas co asfalto antigo en xeral.						
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño mediano ou pequeno e forma irregular no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é moderada coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal teñen un esquema pechado ao redor do curral.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado soamente por dúas vivendas tradicionais xuntas formando medianil e asentadas ao pé dun camiño. A edificación e as construcións auxiliares, rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si, formando un núcleo compacto, pero cos límites difusos.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas valeiras con no núcleo con unha vivenda e construcións auxiliares novas.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra do país, planta rectangular, desenvolvemento vertical relevante, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. As dúas vivendas tradicionais están en uso. A vivenda nova ten planta cadrada con anexos, baixo e un andar con faiado, cuberta a dúas augas con tella e construída con materiais e sistemas construtivos actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	O alpendre tradicional é de pedra e madeira e a cuberta con tella, e situado ao lado da vivenda. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, teñen dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, cos frontais e os costais de pedra, cuberta a dúas augas con tella ou lousa de pedra e acceso á cámara por un frontal, colocados nos arredores da vivenda ou sobre o peche presentando un bo estado de conservación en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario
	8		6		2		-
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	municipal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	A POMBEIRA	NÚMERO	02.08	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
--------	------------	--------	-------	-----------	-------------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Pombeira, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.



Fotografía aérea de A Pombeira.

NÚCLEO		A XESTEIRA		NÚMERO	02.09	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no nordeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, puntualmente moderadas ou fortes e a orientacións oeste.					
	Poboación	67					
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío de densidade moi variable.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-233.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno-mediano e co asfalto en bo estado. Vías interiores estreitas en xeral con asfalto e formigón en mal estado con fochas, tramos nun estado de conservación aceptable.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño mediano ou pequeno e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é alta, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del e as de nova construción teñen un esquema máis aberto e disperso.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño mediano formado por dous lugares e asentado ao longo dun camiño principal. O núcleo de maior tamaño e máis compacto, chegando a formar numerosos medianiles, na parte sur, ten forma alongada e está atravesado pola estrada PO-233. O máis pequeno e na parte norte está organizado ao redor dun camiño circular e coas vivendas separadas. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños formando un núcleo alongado e compacto na parte sur e máis disperso na norte e cos límites difusos en conxunto.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas. Hai un total de quince vivendas novas situadas principalmente na estrada PO-233 e no camiño que vai cara o lugar de As Cachopeiras.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo, e máis habitual, de planta rectangular ou en “L”, ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares e mesmo a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas soen ter planta rectangular con anexos, baixo en un andar, cuberta a dúas ou catros augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais e os costais de pedra, cuberta a dúas augas con lousa de pedra e acceso á cámara normalmente por un frontal, colocados nos arredores da vivenda e presentando un bo estado de conservación en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	51		36		15	2	104
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	non	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
		Área recreativa fluvial A Xesteira					
		Área recreativa A Xesteira					
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Batán en muiños (2) do Crego					
		Cruceiro de A Xesteira					
		Sifón de pedra					

NÚCLEO	A XESTEIRA	NÚMERO	02.09	PARROQUIA	ALMOFREI (SAN LOURENZO)
--------	------------	--------	-------	-----------	-------------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Xesteira, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural cplexo.



Fotografía aérea de A Xesteira.

Nome da parroquia: Borela (San Martiño)**Código: 03***Delimitación:*

Situada no sur do concello, a parroquia de Borela limita ao norte coas parroquias Santiago de Viascón, San Martiño de Rebordelo e Santiago de Loureiro, ao leste coa parroquia de Santa María de Aguasantas, ao sur co concello de Pontecaldelas e ao oeste coas parroquias de San Lourenzo de Almofrei e Santiago de Viascón.

Estrutura territorial

Esta parroquia ten un tamaño grande e unha forma asimilable a un cadrado.

En canto á topografía, case toda a parroquia está en pendente, baixando cara o suroeste, e son poucas as zonas horizontais, situadas principalmente ao pé do curso dos ríos Almofrei, Borela e Pequeno. Cara a parte sur da parroquia aparecen un conxunto de montes que separan a parroquia do concello de Pontecaldelas, onde destaca o Coto dos Lobos con 526 metros de altitude. Cara o leste destaca o Coto da Corrida con 587 metros, cara o norte destaca o alto de Sistalto con 603 metros, e na parte noroeste aparece o Coto da Torre como elevación destacable con 536 metros.

O Río Cornide é o curso de auga máis importante da parroquia e percorre a parte oeste con dirección sur a norte.

Os ríos Almofrei, Borela e Pequeno son os cursos de auga máis relevantes da parroquia. O Almofrei, que nace na parroquia de Santiago de Caroi, entra en Borela polo norte e corre en dirección suroeste. Antes de abandonar a parroquia recibe auga do río Borela que fai un percorrido oeste a este e que nace en Pontecaldelas con nome de rego da Chan de Borela. Este recibe, á súa vez, auga do río Pequeno que nace preto do Monte da Penacadeira.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de San Martiño de Borela está composta por dez núcleos recoñecidos asentados no centro e no norte da parroquia. A estrada PO-233 ampla e co firme en boas condicións, atravesa a parroquia polo noroeste cruzando o lugar de Pazos, sendo este o núcleo máis grande da parroquia que se desenrola no val do rego Almofrei, ocupando unha ampla superficie. Desta vía parten diversas estradas terciarias que comunican o lugar de Pazos cos diversos asentamentos situados no centro da parroquia. Estes últimos atópanse moi xuntos o longo das estradas que os conectan formando un continuo construído. Asemade existe unha estrada da Diputación que comeza na Graña e continúa cara ó sur.

Se nos fixamos no tamaño e o número de vivendas dos núcleos tradicionais, Aldea de Abaixo e O Picoto pódense considerar pequenos, pola contra, Pazos ten un tamaño importante.

En canto á súa organización, podemos distinguir dous modelos: un primeiro que se asenta sobre un camiño que se adapta á topografía evitando as grandes pendentes e dá como resultado un núcleo alongado e, en xeral, pouco compacto como é o caso de A Senra e Ponte Borela, e un segundo modelo de forma circular ou similar e que soe posuír un elemento central, que pode ser un espazo ou simplemente un cruzamento, sendo as máis das veces lugares compactos e cos límites claros. O núcleo de A Graña pertencería a este.

Obsérvanse dúas formas de crecemento dos núcleos: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas vadeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.

As zonas da parroquia nas que se construíu un maior número de vivendas modernas aparecen ao redor do lugar de Pazos, ao pé da estrada PO-233 onde hai un total de dezanove vivendas novas así como a zona sur do mesmo núcleo onde hai vinte e dúas vivendas novas. Outro núcleo formado maioritariamente por vivendas novas é Os Currás onde hai dez.

A maior parte das vivendas novas construídas nesta parroquia non están ligadas ao desenvolvemento de actividades agro-gandeiras, senón que teñen unha función estritamente residencial.

O parcelario da parroquia soe ser de pequeno ou medio tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal.

Clasificación dos núcleos

Segundo a súa estrutura e morfoloxía, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, ten a clasificación de **núcleo rural histórico-tradicional** o lugar de A Costa. Teñen a clasificación de **núcleo rural común** os lugares de Os Currás e A Graña. Por último, teñen a clasificación de **núcleo rural complexo** os lugares de A Aldea de Abaixo, A Brea, A Cavada, Pazos, O Picoto, A Ponte Borela e A Senra.


Tipoloxía dos edificios


Se falamos da edificación tradicional, dicir que son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:

- O primeiro, e probablemente máis antigo, ten pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos.
- O segundo tipo, e máis frecuente, ten planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda.

Como arquitecturas singulares podemos destacar unha casa con imaxe en Aldea de Abaixo e unha casa popular con hórreo na Brea. Como obra civil son de destacar o acueducto e a ponte existentes en Ponte Borela. No tocante as construcións de índole relixiosa, a igrexa parroquial de San Martiño xunto coa Reitoral sitúanse na Costa. Tamén temos a Capela da Nosa Señora de Lourdes en Ponte Borela e a Capela de San Roque en Pazos. Asemade existe o viacrucis de Borela e diversos petos de ánimas e cruceiros espallados pola parroquia. Como elementos etnográficos singulares temos o palco da música e o lavadoiro en Borela, un pombal en A Senra e un conxunto de hórreos en Pazos.


As vivendas de nova construción varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Hai casos nos que se emprega o perpiaño en fachada.





codificación

- | | | | | |
|---------------------|----------------------|--------------------|-----------------------------|--------|
| vivenda tradicional | alpendre tradicional | equipamento | núcleo moderno | granxa |
| vivenda moderna | alpendre moderno | núcleo tradicional | nave industrial / terciario | |



ÚCLEO		ALDEA DE ABAIXO		NÚMERO	03.01	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL								
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sur do Concello, núcleo no centro da parroquia.						
	Topografía	Predominio das pendentes suaves. A orientación principal é oeste.						
	Poboación	11						
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.						
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.							
	Estado: Accesos de tamaño medio-pequeno e co asfalto en bo estado en xeral, pero algo antigo. Vías interiores, en xeral estreitas e co asfalto antigo e deteriorado.							
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada ao lado do rego produto da fragmentación das anteriores . A ocupación é media coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.							
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por seis vivendas tradicionais. É un núcleo que se desenrola sobre unha vía lonxitudinal e basicamente na súa marxe sur. Caracterízase por estar limitado ó nordés por varios núcleos e o suroeste polo río Borela.A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, no centro preto unhas das outras e nos seus bordos separadas entre si, dando lugar a un núcleo con límites claros aínda que pouco denso.						
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas. A extensión está situada cara o sur, apoiado nun ramal perpendicular á vía principal.						
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en “L”, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. A metade das vivendas están restauradas neste lugar. As vivendas novas soen ter planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.							
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos de pedra, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais e os costais de pedra, acceso á cámara por un frontal e cuberta a dúas augas de lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e, nalgúns casos, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.							
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	8		6		2	-	16	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo		Acceso rodado	
	si	veciñal	parcial	si	si		si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Casa con imaxe						
		Cruceiro – peto de ánimas						

NÚCLEO	ALDEA DE ABAIXO	NÚMERO	03.01	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTÍÑO)
--------	-----------------	--------	-------	-----------	----------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Aldea de Abaixo, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural complexo.



Fotografía aérea de Aldea de Abaixo.

NÚCLEO	A BREA		NÚMERO	03.02	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sur do Concello, núcleo no centro da parroquia.				
	Topografía	Predominio das pendentes suaves, pero puntualmente fortes, e a orientación suroeste.				
	Poboación	15				
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.				
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.					
	Estado: Accesos de tamaño medio-pequeno e co asfalto en bo estado en xeral, pero algo antigo. Vías interiores estreitas e co asfalto en mal estado.					
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Non ten periferia ó atoparse rodeada por varios núcleos. A ocupación é bastante alta coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.					
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de mediano tamaño rodeada por varios núcleos o que impide a súa extensión. As vías que a compoñen teñen un trazado irregular que se vaia adaptando á topografía para evitar as fortes pendentes. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, formando grupos de vivendas entre medianeiras e preto unhas de outras conformando un núcleo bastante compacto.				
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas. A extensión principal está situada cara o nordés, apoiado na vía perimetral.				
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína. As vivendas novas soen ter planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.					
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos de pedra, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, aínda que hai casos de un e tres tramos, os frontais e os costais de pedra, acceso á cámara por un frontal e cuberta a dúas augas de lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación a metade deles bo e os outros abandonados. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.					
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	21	19	2	-	36	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación				SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Casa popular con hórreo				

NÚCLEO	A BREA	NÚMERO	03.02	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTÍN)
--------	--------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Brea, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural complexo.



Fotografía aérea de A Brea.

NÚCLEO		A CAVADA		NÚMERO	03.03	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTÍÑO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL							
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sur do Concello, núcleo no centro da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e tramos horizontais, e a orientación este.					
	Poboación	12					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.						
	Estado: Accesos de tamaño medio-pequeno e co asfalto en bo estado en xeral, pero algo antigo. Vías interiores estreitas ou moi estreitas co firme moi deteriorado en xeral.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é bastante alta coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado por sete vivendas tradicionais que se apoian todas xuntas na marxe sur da vía perimetral que rodea ó núcleo. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, formando grupos de vivendas entre medianeiras, dando lugar a un núcleo bastante compacto.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas. A extensión principal está situada cara o este, apoiado nun dos rúes exteriores.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas soen ter planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos de pedra, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais e os costais de pedra, acceso por un frontal e cuberta a dúas augas de lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e, neste núcleo moi apiñados en dous grupos, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario
	8		7		1		-
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	si	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
		Casa da Vila de Borela					
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	A CAVADA	NÚMERO	03.03	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTÍN)
--------	----------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Cavada, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural complexo.



Fotografía aérea de A Cavada.

NÚCLEO		A COSTA		NÚMERO	03.04	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL								
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sur do Concello, núcleo no centro da parroquia.						
	Topografía	Predominio das pendentes moderadas, pero con alternancia de tramos fortes e suaves, e a orientación oeste e sur.						
	Poboación	15						
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.						
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.							
	Estado: Accesos estreitos e co asfalto nun estado deficiente. Vías interiores , en xeral, estreitas con asfalto ou formigón en mal estado.							
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e teñen unha organización máis aberta e dispersa.							
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao pé dunha estrada principal que se adapta a topografía para evitar as fortes pendentes e varios rueiros. A maioría das vivendas sitúanse o este do núcleo e na zona oeste concéntranse tódolos equipamentos do mesmo. Ó nordés como un límite físico atópase o monte Penacadeira. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e separadas entre si, dando lugar a un núcleo disperso.						
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.						
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en “L”, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína.							
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos de pedra, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais e os costais de pedra, acceso á cámara por un frontal e cuberta a dúas augas de lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e, nalgún caso, sobre o peche cun estado de conservación a metade deles bo estado e os outros abandonados. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.							
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario	
	15		14		1		-	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo		Acceso rodado	
	si	veciñal	si	si	si		si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²	
		Igrexa parroquial de San Martiño						
		Cemiterio						
		Campo da festa						
		Palco						
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Palco						
		Cruceiro do campo da festa						
		Igrexa parroquial de San Martiño						
		Casa Reitoral de Borela						

NÚCLEO	A COSTA	NÚMERO	03.04	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTÍÑO)
--------	---------	--------	-------	-----------	----------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Costa, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo histórico-tradicional.



Fotografía aérea de A Costa.

NÚCLEO	OS CURRÁS	NÚMERO	03.05	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sur do Concello, núcleo no centro da parroquia.				
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación norte.				
	Poboación	Sen datos				
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío claro.				
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.					
	Estado: Accesos estreitos e co asfalto antigo. Vías interiores, en xeral estreitas e co asfalto en mal estado.					
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada ao lado do rego produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é baixa aínda que moi variable coas construcións separadas dos camiños en xeral, e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as de nova construción teñen unha organización máis aberta e dispersa.					
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño formado soamente por catro vivendas tradicionais separadas unhas das outras e asentadas en diferentes camiños que parten dun principal, dúas cara o leste e dúas cara o oeste. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse separadas dos camiños, e distantes entre si, configurando un lugar moi disperso e con límites difusos.				
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas. Neste lugar produciuse un crecemento moi importante, hai nove vivendas de nova construción en total.				
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas soen ter planta rectangular con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Hai varias vivendas con perpiño en fachada.					
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous claros apoiados sobre cepas, os frontais e os costais de pedra e cuberta a dúas augas con lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.					
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	12	4	8	-	31	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación				SUP: m²
		Área recreativa Os Currás				
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM						

NÚCLEO	OS CURRÁS	NÚMERO	03.05	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTÍÑO)
--------	-----------	--------	-------	-----------	----------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Os Currás, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.



Fotografía aérea de Os Currás.

NÚCLEO		A GRAÑA		NÚMERO	03.06	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL								
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sur do Concello, núcleo no centro cara ó este da parroquia.						
	Topografía	Variable dende pendentes suaves a fortes. A orientación é sur.						
	Poboación	54						
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío denso por zonas aínda que moi variable.						
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria.							
	Estado: Accesos de tamaño medio-pequeno e co asfalto en bo estado en xeral. Vías interiores, en xeral estreitas ou moi estreitas e co asfalto ou formigón, en mal estado e con moitas fochas.							
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada ao lado do rego produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal.A ocupación é moi variable, densa no asentamento principal e baixa nos restantes coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.							
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño grande formado por varios asentamentos que están comunicados por unha vía principal que se adapta a topografía para evitar as fortes pendentes. Hai un asentamento onde se concentran a maioría das vivendas situado no este do núcleo. O norte están limitados por un monte e o sur polo río Pequeno. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si e formando grupos de vivendas entre medianeiras nun dos asentamentos e nos restantes separadas ente si, dando lugar a un núcleo compacto pero cos límites algo difusos.						
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas vadeiras con vivendas e construcións auxiliares novas. Na parte occidental atópanse varias granxas e no centro un par de naves industriais. As novas vivendas colócanse en medio das tradicionais e no sur do núcleo.						
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en “L”, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda.Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína. As vivendas novas soen ter planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Hai varias vivendas prefabricadas de madeira.							
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous ou tres tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, os costais de pedra ou madeira, acceso á cámara por un frontal ou lateral, e cuberta a dúas augas de tella ou lousa de pedra, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral, salvo algúns casos abandonados. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.							
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras	
	50		36		14	2	105	
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado		
	si	veciñal	non	si	si	si		
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²	
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		Cruceiro do Naval						

NÚCLEO	A GRAÑA	NÚMERO	03.06	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTÍN)
--------	---------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Graña, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.



Fotografía aérea de A Graña.

NÚCLEO	PAZOS	NÚMERO	03.07	PARROQUIA	BORELA (SAN MARTIÑO)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sur do Concello, núcleo no noroeste da parroquia.				
	Topografía	Pendentes moi variables dende suaves a fortes, e as orientacións sueste e noroeste.				
	Poboación	132				
	Tipo	Aldea polinuclear con casarío claro.				
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-233.					
	Estado: Accesos de tamaño medio-pequeno e co asfalto en bo estado. Vías interiores de ancho e estado variable, pero en xeral estreitas e co asfalto antigo.					
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moi variable coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.					
